

materia

Dereito Civil V. Familia e Sucesións

unidade didáctica **3.4**

As Capitulacións Matrimoniais

Ana Díaz Martínez

Departamento de Dereito Común (Área de Dereito Civil)
Facultade de Dereito



VICERREITORÍA DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA, CULTURA E SOCIEDADE

titulación

Licenciatura en Dereito



unidade didáctica 3.4

As Capitulacións Matrimoniais

Ana Díaz Martínez
Departamento de Dereito Común (Área de Dereito Civil)
Facultade de Dereito



© Universidade de Santiago de Compostela, 2010

Deseño

Unidixital

Edita

Vicerreitoría de Extensión Universitaria, Cultura
e Sociedade da Universidade de Santiago de
Compostela

Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da
Universidade de Santiago de Compostela

Dep. Legal: C 3978-2010

ISBN 978-84-9887-544-7

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen
consentimento expreso por escrito dos editores.

MATERIA: Dereito Civil V. Familia e Sucesións
TITULACIÓN: Licenciatura en Dereito
PROGRAMA XERAL DO CURSO. LOCALIZACIÓN DA PRESENTE UNIDADE DIDÁCTICA

A unidade didáctica desenvolve unha materia propia do Dereito de familia e corresponde ao módulo sobre organización económica do matrimonio, pois as capitulacións son a manifestación máis clara do principio de autonomía da vontade en materia matrimonial. Os cónxuxes ou noivos que pensan casar en breve poden pactar, con algúns límites, sobre os aspectos patrimoniais da súa relación. O tema conecta tamén con contidos doutras materias da titulación, como Dereito Civil I, no que se estuda o negocio xurídico, do que as capitulacións matrimoniais constitúen unha especie, pois é un negocio xurídico-familiar.

DEREITO CIVIL V. FAMILIA E SUCESIÓNS

PRIMEIRA PARTE. DEREITO DE FAMILIA

- 1 INTRODUCCIÓN. Familia e Dereito
- 2 O MATRIMONIO. Concepto, natureza e caracteres. O sistema matrimonial español vixente. Efectos do matrimonio: dereitos e deberes dos cónxuxes
- 3 A ORGANIZACIÓN ECONÓMICA DO MATRIMONIO. Sistema de organización económica do matrimonio. Determinación do réxime económico no Dereito español. O réxime económico no Código Civil. **As capitulacións matrimoniais**. Doazóns por razón de matrimonio. Sociedade de gananciais. O réxime de separación de bens. O réxime de participación nas ganancias: liquidación
- 4 CRISES MATRIMONIAIS. Nulidade, separación e divorcio. Efectos comúns
- 5 RELACIÓN PATERNO-FILIAIS. Filiación: nocións fundamentais e clases. Accións de filiación. A adopción. Patria potestade
- 6 GARDA DE MENORES E INCAPACITADOS
- 7 ALIMENTOS ENTRE PARENTES

SEGUNDA PARTE. DEREITO DE SUCESIÓNS

- 1 A SUCESIÓN MORTIS CAUSA EN XERAL
Clases de sucesión. A sucesión intestada e contractual. Os sucesores: o herdeiro e o legatario. Momentos do fenómeno sucesorio. O sistema de adquisición da herdanza no Código Civil. A comunidade hereditaria. A partición
- 2 A SUCESIÓN TESTADA
Testamento: concepto, contido e caracteres. Capacidade. Clases de testamentos. Institución de herdeiro: as substitucións hereditarias: concepto e tipos. Os legados. A execución testamentaria. Ineficacia do testamento
- 3 LÍMITES Á LIBERDADE DE DISPOÑER *MORTIS CAUSA*: reservas e lexítimas. Protección da lexítima. Preterición. Desherdamento

ÍNDICE

Presentación	7
Destinatarios	7
Obxectivos	7
Principios metodolóxicos	7
Contidos básicos	8
1 Función actual das capitulacións matrimoniais	8
2 Concepto, significado e suxeitos outorgantes	10
3 Contido e límites	11
4 Tempo do outorgamento e forma	13
5 Réxime de publicidade: requisitos para e súa opoñibilidade fronte a terceiros	14
5.1 Eficacia entre cónxuxes e fronte a terceiros	14
5.2 Publicidade no Rexistro Civil, o da Propiedade e o Mercantil	14
6 Capitulacións que modifican o réxime económico e terceiros acredores	16
6.1 Acredores con dereitos anteriores á modificación	16
6.2 Terceiros que adquiren dereitos con posterioridade á modificación do réxime	17
7 Ineficacia das capitulacións: especial referencia á impugnación das que liquidan a sociedade de gananciais	18
7.1 Nulidade, anulabilidade e caducidade	18
7.2 Rescisión por lesión	19
Conceptos xurídicos básicos	20
Actividades propostas	20
1 Actividade práctica 1ª	20
2 Actividade práctica 2ª	21
3 Actividade práctica 3ª	22
4 Actividade práctica 4ª	22
Avaliación da unidade didáctica	22
Bibliografía básica	23
Anexos legislativos	24

PRESENTACIÓN

Duración: 6 horas (3 expositivas e 3 prácticas ou interactivas). Ademais das horas presenciais, habería que computar 2 horas máis de traballo do alumnado fóra das aulas para preparar as actividades prácticas.

DESTINATARIOS

A unidade didáctica está dirixida ao alumnado do penúltimo curso da carreira. Os contidos e as actividades programadas terán en conta que os destinatarios xa teñen os coñecementos xurídicos básicos que aprenderon durante os seus primeiros anos de formación universitaria e ven preto o seu futuro profesional.

OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais da materia Dereito Civil V (Familia e Sucesións) son:

- Identificar as materias especialmente conflitivas no ámbito das relacións familiares (matrimonio e filiación) e sucesorias (adquisición da herdanza, testamento, sistema lexitimario, sucesión legal).
- Manexar correctamente as normas legais vixentes e as orientacións xurisprudenciais actuais arredor dos problemas básicos propios da disciplina.
- Adquirir coñecementos prácticos básicos sobre a intervención do xurista nos conflitos familiares e sucesorios: desenvolvemento dos procesos matrimoniais, accións de filiación, análise de testamentos, realización de escrituras particionais...

Os específicos da unidade didáctica, en relación con aqueles, son:

- Comprender a virtualidade das capitulacións matrimoniais como instrumento xurídico de convenio dos cónxuxes, quer no eido económico-matrimonial, quer, cando sexa posible, sucesorio.
- Coñecer as utilidades das capitulacións para facer previsións para o caso dunha futura crise do matrimonio.
- Asimilar a posición da xurisprudencia sobre os principais conflitos xurídicos que orixinan as capitulacións, principalmente no eido da modificación do réxime económico dos cónxuxes fronte a terceiros e a súa impugnación por un dos outorgantes.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Combínanse na docencia un método expositivo e un problemático. No primeiro, a profesora dá conta dos máis importantes conflitos verbo das capitulacións matrimoniais, analizando a xurisprudencia do Tribunal Supremo máis actualizada e as normas do Código Civil e a Lei de Dereito Civil de

Galicia. No problemático, os alumnos deben estudar e formular propostas de resolución de certos casos reais relativos á impugnación ou efectos das capitulacións. Neste sentido, as prácticas propostas son de varios tipos: comentario de sentenzas ditadas por tribunais españois na materia obxecto de estudo ou formulación dun caso simulado, con preguntas que deben responder aplicando o Dereito vixente e as posicións dos tribunais na súa interpretación.

CONTIDOS BÁSICOS

1 Función actual das capitulacións matrimoniais

Os cónxuxes ou os que proxectan selo axiña dispoñen no Dereito español dun instrumento xurídico para canalizar os pactos de ordenación económica da súa relación, as capitulacións matrimoniais, pre ou pos nupciais. O seu outorgamento está rexido polos principios de autonomía da vontade e liberdade, non exenta de certos límites imperativos, entre os que ocupa un lugar destacado a igualdade conxugal (art. 1328 CC). Certamente de xeito simplista, poderíamos afirmar, sen máis, seguindo o art. 1325 CC, que as capitulacións, xeralmente configuradas como negocio de Dereito de familia, son un canal para elixir o réxime económico do matrimonio, para modificar o xa existente ou para substituílo por outro. No primeiro caso os outorgantes poden configurar un propio libremente ou escoller entre os que cada lexislación aplicable regula, con notorias diferenzas en España entre o Código Civil e as lexislacións civís autonómicas (lembrems que a lei aplicable será a determinada polo art. 9.2º CC). Así e todo, esta sería, ao meu ver, unha visión estática das capitulacións matrimoniais, sen incidir nas que se presentan hoxe como algunha das súas maiores virtualidades e, desde logo, sen destacar os aspectos máis problemáticos desde o punto de vista xurídico.

Na actualidade, as capitulacións matrimoniais ofrecen, segundo as circunstancias e intereses de cada parella, moitas utilidades ao dispor dos cónxuxes ou futuros esposos. Son abondosas as capitulacións prenupciais que se outorgan, en efecto, cando o que rexe como réxime legal supletorio é a sociedade de gananciais –así acontece no Código Civil, segundo o art. 1316, pero tamén en varios dereitos civís autonómicos, como o galego–, para optar polo de separación de bens, no caso de que se axuste mellor á parella (ambos os dous membros teñen unha actividade profesional ou empresarial autónoma, con independencia económica, ou se un desenvolve unha actividade empresarial de risco). Tamén é certo que, entre as posnupciais, moitas delas son utilizadas para substituír o réxime de gananciais polo de separación de bens cando un dos esposos ten dificultades na súa actividade económica, o que formulará fundamentalmente cuestións de interese no tocante aos dereitos adquiridos polos acredores anteriores. Así e todo, non podemos desestimar o valor crecente que cobrou, como vehículo de pactos prematrimoniais ou en previsión dunha futura ruptura, a súa utilización por matrimonios que quedan suxeitos ao réxime de bens gananciais pero que o modulan respecto do legal en cuestións como a titularidade de bens, a

valoración destes no caso de hipotética liquidación, os dereitos de atribución preferente ou as regras de xestión do patrimonio común. Tamén é salientable o seu uso para obter a ansiada continuidade da empresa familiar, en coordinación cos acordos do protocolo familiar, o testamento do titular da empresa ou os estatutos da sociedade de que se trate.

Así mesmo, cómpre destacar o seu valor en moitas comunidades autónomas con Dereito civil propio, pois no Código Civil a sucesión contractual ten escasa marxe de funcionamento, para introducir pactos sucesorios, quer na procura dunha ordenación conxunta da sucesión familiar por parte dos cónxuxes, quer, no caso de segundos ou posteriores matrimonios, como compromiso de igualación sucesoria dos fillos nados das diferentes relacións ou, precisamente, como instrumento para poñer de manifesto a vontade de trato diferente a uns e outros. Finalmente, non esquezamos que, na actualidade, as capitulacións matrimoniais están decote ligadas á crise persoal da parella, outorgándose no caso de separación de feito se non se ten, cando menos polo momento, intención de formalizar xudicialmente a ruptura coa separación ou o divorcio, ou na fase inmediatamente anterior á presentación da demanda nun proceso matrimonial. Se despois estes se desenvolven pola vía do consenso, as capitulacións son incorporadas ao convenio regulador ou este remite a elas no tocante á liquidación do réxime económico matrimonial. Como se pode ver, algunhas das funcións das capitulacións matrimoniais que acabamos de destacar cúmprense a través de pactos que integran o tradicionalmente chamado «contido típico» destas e outras cando serven de estipulacións que conforman «contido atípico» –así, os pactos sucesorios–. Ademais, a necesidade de darlles forma solemne a través dunha escritura pública (art. 1327 CC) permite utilizar esta para outros negocios non relacionados en absoluto coa finalidade propia das capitulacións. Como xa manifestara Lacruz, debemos diferenciar o instrumento, o documento notarial, que pode conter calquera negocio que se poida outorgar en escritura pública, e a estipulación capitular, a norma que establece o réxime económico matrimonial.

Expostas as funcións que cumpren no Dereito civil actual as capitulacións matrimoniais, practicamente sempre outorgadas en exclusiva polos cónxuxes ou futuros esposos, sen a participación de terceiros que autoriza o art. 1331 CC, centrarémonos nas páxinas vindeiras no estudo dos aspectos máis conflictivos do seu réxime xurídico.

No tocante aos denominados pactos previos ou pactos prenupciais en previsión dunha eventual ruptura matrimonial, de gran tradición no Dereito anglosaxón, especialmente norteamericano, comezan a subscribirse no Dereito español. De feito, o Código de Familia de Cataluña (Lei 9/1998, de 15 de xullo), no art. 15.1º aludía a eles como posible contido das capitulacións matrimoniais e se regulan con máis profundidade no art. 231 20 do Libro Segundo do Código Civil de Cataluña, aprobado por Lei 25/2010, de 29 de xullo, en vigor desde o 1 de xaneiro de 2011. Malia que no Dereito Común non son mencionados expresamente por precepto ningún do Código Civil, quixéronse sustentar no art. 1325, que permite que sexan contido das capitulacións tanto os pactos para estipular, modificar ou substituír o réxime económico do matrimonio como «outras disposicións por razón deste». A meirande incidencia na sociedade española das crises matrimoniais,

formalizadas xudicialmente a través dos oportunos procesos de nulidade, separación ou divorcio, multiplica o seu interese práctico, pois moitas veces páctanse anticipadamente algunhas das consecuencias da ruptura no ámbito familiar e mesmo no económico. Así, aínda que rexa para os cónxuxes a sociedade de gananciais, son incluídos, acotío, pactos sobre a futura liquidación daquela no caso de ruptura, que regulan cuestións como a cualificación de bens, as valoracións destes a efectos do inventario ou que mesmo anticipan as adxudicacións, total ou parcialmente, podendo, por exemplo, atribuírse dereitos de preferencia diferentes dos contemplados polo art. 1406 CC. Admite expresamente a posibilidade de que pactos sobre a futura liquidación da sociedade de gananciais se poidan incluír nas capitulacións o art. 172 da Lei 2/2006, de 14 de xuño, de Dereito civil de Galicia, que dispón que «os cónxuxes poderán pactar en capitulacións matrimoniais a liquidación total ou parcial da sociedade e as bases para realizala con plena eficacia cando se disolva a sociedade conxugal».

2 Concepto, significado e suxeitos outorgantes

Do disposto nos arts. 1315 e 1325 CC deriva a fundamental función dos capítulos matrimoniais como instrumento de autorregulación do sistema económico ou patrimonial dun matrimonio, cuxa base é o principio de autonomía da vontade conxugal. Neste sentido, a doutrina atribúelles natureza xurídica contractual ou, cando menos, de negocio xurídico, e preséntaas como o contrato ou negocio que articula o réxime económico conxugal, sen prexuízo de que ademais deste contido típico poidan ser vehículo doutro tipo de disposicións «por mor do matrimonio», ás que alude tamén o art. 1325 CC. Entre elas non só se poden citar as doazóns feitas aos cónxuxes ou entre eles, senón tamén importantísimas disposicións de carácter sucesorio –especialmente nalgúns Dereitos autonómicos–, negocios de Dereito de familia, como o sempre citado recoñecemento dun fillo, ou mesmo outros alleos aos ámbitos familiar e sucesorio, aproveitando o instrumento propio para a súa formalización, a escritura pública.

Se atendemos á práctica notarial, cómpre destacar o espectacular aumento, a partir de 1975, do número de escrituras de capitulacións outorgadas en España, por mor da reforma do Código Civil que posibilita os pactos posnupciais e remata coa inmutabilidade do réxime económico matrimonial. Ademais, no tocante ao seu contido, case sempre son instrumento para pactar o réxime de separación de bens nos territorios nos que non funciona como supletorio, sexan outorgadas antes ou despois do matrimonio. Polo que fai a estas últimas, non son poucas as ocasións nas que se tentaron utilizar, confirmando os peores temores, para canalizar as manobras defraudatorias dos cónxuxes, que se fan efectivas de xeito particular na etapa de liquidación da sociedade de gananciais xa disolvida, especialmente no tocante ás débedas contraídas por un deles. A concreción de cales sexan os remedios xurídicos e instrumentos procesuais máis pertinentes para impedir a eficacia destes propósitos foi, nos últimos anos, un dos temas máis relevantes nesta materia.

Desde outra perspectiva, como dicíamos antes, aínda que ao outorgamento das capitulacións poden concorrer non só os cónxuxes ou

futuros contraentes senón tamén terceiras persoas (xeralmente parentes próximos daqueles, posibilidade contemplada indirectamente en distintos preceptos do Código Civil, como os arts. 1325 e 1331), a práctica diaria demostra que cada vez é máis infrecuente a intervención de terceiros distintos dos cónxuxes, quizais debido, entre outros factores, ao fortalecemento da familia nuclear fronte á extensa. Por outra banda, o Código non contén regras xerais sobre a capacidade para outorgar capitulacións, pero si dúas específicas (arts. 1329 e 1330) para menores e incapacitados por sentenza xudicial, das que semella posible deducir que todo aquel que pode contraer matrimonio pode tamén capitular.

3 Contido e límites

A distinción esencial entre o contido típico, propio ou nuclear das capitulacións –os pactos relativos ao réxime patrimonial das proxectadas nupcias ou a modificación ou substitución do réxime anterior (arts. 1325 e 1315 CC)–, e o contido atípico, integrado por outras disposicións por mor do matrimonio, de natureza non necesariamente económica, sucesorias, e mesmo negocios que non presentan conexión ningunha, polo seu teor, co capitular, lonxe de ser unha simple sistematización doutrinal, é orixe de determinantes consecuencias no tocante á forma na que se teñen que outorgar, como máis adiante estudaremos. Non se pode descartar, aínda que sexa pouco frecuente, a eventual existencia dunhas capitulacións desprovistas de todo contido típico e cuxo único obxecto sexan esoutras disposicións que conforman o atípico, sen pacto ningún sobre o réxime económico do matrimonio.

No tocante ao contido máis propio, cando os cónxuxes están sometidos ao réxime de gananciais poden configurar pactos que modifiquen o esquema legal, atribuíndolles carácter privativo ou ganancial a bens que, con aplicación das regras legais do CC, non terían natureza tal, alterar o réxime de administración e disposición de gananciais que configura este corpo legal ou incluír pactos sobre a futura liquidación do réxime. Por suposto, poden decidir que o seu matrimonio se someta a un réxime económico distinto do de gananciais, pero igualmente regulado en forma legal –decote, o de separación de bens– ou por un diferente, xa coñecido ou creado *ad hoc* por eles, mesturando regras de distintos réximes.

Por outra banda, entre as disposicións que se poden incluír en capitulacións, sen constituír o seu contido típico, pódense mencionar, dentro do eido do Dereito Común, as doazóns por mor de matrimonio (arts. 1338 e 1341.2º CC), as promesas de mellorar ou non (art. 826 CC) ou a mellora con entrega de bens irrevogable (art. 837 CC). Na actualidade e tras a entrada en vigor das modificacións operadas pola Lei 41/2003 no art. 831 CC non se pode articular en capitulacións a fiducia sucesoria a prol do cónxuxe ou convivente supérstite que este precepto contempla, que deberá estar contida necesariamente no testamento. A meirande flexibilidade no eido dos pactos sucesorios de boa parte dos Dereitos civís autonómicos significa unha notoria ampliación, en canto sexan aplicables, das posibilidades das capitulacións matrimoniais, pois adoitan ser instrumento idóneo para a súa formalización. Aínda que as respectivas normas autonómicas non previsen expresamente a

posibilidade de incluír o pacto en capitulacións, será frecuente facelo cando se esixe como forma *ad substantiam* deste a escritura pública.

O principio de liberdade de estipulación capitular vixente no noso Dereito atopa tan só uns límites, indicados no art. 1328 CC, no respecto polas leis –imperativas, por suposto–, os bos costumes e a igualdade de dereitos entre os cónxuxes, cuxa vulneración está sancionada coa nulidade. Trataríase dunha nulidade parcial, que só lle afectaría a estipulación que non se axustase a estes límites, na medida en que sexa posible a aplicación do principio de conservación do negocio. A nulidade será total cando a cláusula, polo seu carácter esencial, desequilibre o conxunto dos pactos subscritos polos noivos ou cónxuxes e determine que, desprovistos da nula, non quixesen a vixencia dos outros.

No tocante á prohibición de pactos contrarios a leis imperativas, cómpre ter en conta, en particular, que participan desta natureza a meirande parte das disposicións xerais que contén o Código Civil nos arts. 1315-1324, as chamadas normas do réxime matrimonial primario. O de «bos costumes», como é sabido, resulta un concepto xurídico indeterminado, que ten que evolucionar cos tempos e que fundamentalmente terá aplicación no tocante aos pactos relativos a aspectos persoais do matrimonio e non aos patrimoniais. Máis conflitiva resulta a referencia á nulidade de disposicións que non respecten a igualdade de dereitos entre os cónxuxes, consagrada no art. 32.1º CE e no art. 66 CC, sobre todo polo que se refire ao seu concreto desenvolvemento, alén de xenéricas afirmacións. Así, por exemplo, non existe acordo doutrinal sobre a validez do pacto que só lle atribuíse a un dos cónxuxes a total administración e disposición de bens comúns. Se un sector da doutrina entende que sería nulo en todo o caso, outro sustenta a súa validez no argumento de que os cónxuxes están a contemplar a súa situación de potestade concreta na familia, facendo prevalecer o criterio de unidade de dirección sobre o de coexistión, consentimento xeral e anticipado que será en todo caso revogable, co cal podería reclamar o esposo a aplicación da regra de xestión conxunta. O que sen dúbida entrará na prohibición do art. 1328 CC será unha estipulación discriminatoria que, permitíndolle a un dos cónxuxes a administración ou disposición de bens comúns sen o consentimento do outro, lle impuxese a este en igual caso o consentimento do consorte.

Mención especial merecen de novo, ao meu ver, sequera sexa brevemente, os denominados «pactos previos», que nos últimos anos, sen dúbida por mor do xeral incremento na nosa sociedade das rupturas matrimoniais, se inclúen cada vez máis acotío nas capitulacións prenupciais co propósito de ordenar anticipadamente as consecuencias xurídicas dunha eventual crise, sendo mesmo ás veces contido exclusivo daquelas. Á marxe dos que se refiren estritamente á liquidación do réxime económico, especialmente cando se tratase dunha sociedade de gananciais –cualificación de bens, valoración, adxudicacións...–, foi especialmente polémico, aínda que sexan polo de agora escasas as resolucións xudiciais que se pronunciasen ao respecto, o atinente á renuncia á compensación económica que o CC regula no art. 97. Trátase da comunmente coñecida como pensión compensatoria, aínda que hoxe, tras a reforma de 2005, a denominación non sexa tecnicamente moi correcta, ao admitir outras formas de pagamento distintas. Malia que se argumentou en contra da súa validez o

disposto no art. 6.º CC e que deste precepto se infire que non se pode renunciar a dereito ningún antes de que nacesse, hoxe, en liñas xerais, e sen prexuízo de opinións discrepantes, tende a admitirse tal renuncia, aínda que a súa efectividade se vexa condicionada finalmente polo mantemento –ou, cando menos, non alteración substancial– das circunstancias subxacentes no momento no que se subscribiu o pacto.

Desde outra perspectiva, sería válida a inclusión en capitulacións, como sinala Zarraluqui Sánchez-Eznarriaga, da cláusula de sometemento á arbitraje das controversias futuras dos cónxuxes, ou dalgunha delas, nos termos en que iso se axuste ás previsións da Lei 60/2003, de 23 de decembro, que esixe que se trate de materias de libre disposición.

4 Tempo do outorgamento e forma

Con gran flexibilidade, o art. 1326 CC permite outorgar as capitulacións en calquera tempo, antes ou despois de contraer matrimonio, podendo sucederse varias capitulacións prenupciais, malia que só serán eficaces, no que resultasen incompatibles, as últimas que se outorgasen antes de se celebrar aquel. Por outra parte, é posible que o interese da familia aconselle a modificación do réxime económico do matrimonio, unha vez contraído este, mesmo varias veces. En todo caso, o límite será, obviamente, a disolución ou nulidade do matrimonio, supostos aos que a meirande parte da doutrina lles engade tamén a separación xudicial dos cónxuxes –a esta posición sumouse, así mesmo, o Tribunal Supremo, en sentenza de 4 de decembro de 1985, negando que sexan capitulacións matrimoniais os acordos de natureza patrimonial subscritos por un home e mais unha muller tras a súa separación conxugal–. Por outra banda, o noso Dereito, a diferenza doutros, non esixe o paso dun determinado tempo desde a celebración do matrimonio para permitir a modificación do seu réxime económico.

Desde outra perspectiva, o art. 1334 CC dispón a ineficacia, por caducidade, que é definitiva, das outorgadas antes do matrimonio cando este non se chegase a contraer no prazo dun ano, de xeito que non quedarían validadas se a unión matrimonial se celebrase máis tarde, sen prexuízo de que os cónxuxes puidesen outorgar unhas novas *per relationem*.

No tocante á forma, o art. 1327 CC esixe para a validez das capitulacións a escritura pública, polo que estamos diante dunha forma substancial ou *ad solemnitatem*. Este foi tamén o sentido no que se pronunciou a xurisprudencia, sen admitir outro tipo de documento público ningún. Así e todo, isto afecta tan só ás disposicións sobre o réxime económico do matrimonio, non ás estipulacións doutra natureza que se puideran incluír e que poderán ser modificadas en forma distinta da escritura pública. Neste sentido manifestouse o Tribunal Supremo, entre outras, en sentenza de 4 de febreiro de 1995, en relación cunhas operacións particionais ou liquidadoras, que, ao seu ver, carecen de natureza capitular, sen prexuízo de que, máis recentemente, matizara que non é válida, porén, a disolución en documento privado da sociedade de gananciais pactada polos cónxuxes separados de feito. A todo o afirmado non obsta nin a referencia xenérica ao documento público, no canto da escritura pública notarial, que contén o art. 1280.3º CC, nin o feito de que a meirande parte dos actos e

contratos enumerados no devandito precepto non sexan solemnes, agás no tocante ás propias capitulacións, á repudiación dunha herdanza e ao poder para contraer matrimonio.

5 Réxime de publicidade: requisitos para a súa opoñibilidade fronte a terceiros

5.1 Eficacia entre cónxuxes e fronte a terceiros

A eficacia entre os cónxuxes das capitulacións non está sometida a réxime de publicidade ningún, sendo eficaces directamente desde o seu outorgamento. Así e todo, fronte a terceiros teñen que ser coñecidas para que lles sexan opoñibles, coñecemento ou, cando menos, cognoscibilidade legal, ligados ao sistema de publicidade das capitulacións no Dereito español. Aínda que o sistema elixido polo lexislador español, a diferenza doutros países, non fora a creación dun rexistro especial unicamente destinado a lles dar publicidade fronte a terceiros ás capitulacións matrimoniais, desde logo, os que entran en relación cos cónxuxes no tráfico xurídico deben poder coñecer cal é o réxime económico dese matrimonio. Máis aínda, interésanlles as concretas regras polas que se rexen, se optaron para modificar a normativa legal dalgún dos réximes regulados no noso Dereito, pois este tipo de pactos pode incidir nos poderes de disposición de cada un dos esposos e nas responsabilidades que contraían.

5.2 Publicidade no Rexistro Civil, o da Propiedade e o Mercantil

En principio, o réxime de publicidade das capitulacións céntrase no Rexistro Civil. Como pon de manifesto o art. 1333 CC, na inscrición de matrimonio que alí conste cómpre facer mención, no caso de que se outorgaran, das capitulacións, a través dun asento tecnicamente chamado «indicación» (art. 77 LRC), que dá simplemente noticia da existencia destas e da data da correspondente escritura pública, reenviando ao protocolo do notario que o autoriza. O acceso ao seu texto íntegro facilítase, segundo o art. 266 RRC *in fine*, nos casos permitidos pola lexislación notarial e, en particular, a calquera solicitante que presente un principio de proba que o acredite como titular dalgún dereito patrimonial fronte a calquera dos cónxuxes.

En todo o caso, as indicacións relativas á existencia de capitulacións matrimoniais son practicadas a petición do interesado, pero non son obrigatorias nin teñen carácter constitutivo, pois, como xa se dixo anteriormente, son eficaces internamente desde o seu outorgamento, malia os termos imperativos do art. 1333 CC. O réxime de publicidade está ligado, xa que logo, á opoñibilidade fronte a terceiros das capitulacións ou ás súas modificacións; no caso de que non accedaran ao Rexistro, non terán eficacia os seus pactos fronte a persoas distintas dos outorgantes, aínda que cómpre ter en conta que nunca está protexido o terceiro que non actúa de boa fe. Non o fai –malia que, como é sabido, no noso Dereito a boa fe, en principio,

hai que presumila– o que coñece a situación verdadeira do réxime económico matrimonial ou a debera coñecer se a súa actuación fose o suficientemente dilixente. Pola contra, o coñecemento derivase como unha presunción *iuris et de iure* se as capitulacións cumpren o sistema de publicidade imposto polo CC e a lexislación complementaria.

Ademais, cómpre contemplar outra forma de publicidade rexistral das capitulacións á que se refire o último inciso do art. 1333 CC, desta volta a través do Rexistro da Propiedade, cando afecten bens inmobles, malia que resulta moi controvertido precisar o alcance e o significado que se lle deba atribuír, neste contexto, á devandita inscrición rexistral. En particular semella especialmente difícil determinar cal ha de ser a posición do terceiro acredor dun dos cónxuxes cando, despois de practicar a procedente indicación do cambio de réxime económico nos libros do Rexistro Civil e de consentir aquel, que é o que acontece decote, en substituír o réxime de gananciais por un de separación, non se fíxese o mesmo no Rexistro da Propiedade e despois preténdese o acredor que un ben inmovible que substantivamente xa non é común quede afecto á responsabilidade que da débeda contraída deriva. Neste sentido, cómpre recoñecer inicialmente que algunhas afirmacións xenéricas e difusas do Tribunal Supremo, como as vertidas en sentenza de 6 de xuño de 1994, contribúen a manter viva a discusión sobre o tema. O Supremo apuntou que, malia que a validez das capitulacións depende da súa constancia en escritura pública e a súa eficacia e opoñibilidade está en función da inscrición no Rexistro Civil, «estas circunstancias non alteran o réxime de publicidade rexistral inmobiliario, coas garantías que a terceiros lles ofrece, respecto dos inmobles concretos afectados no tocante á toma de razón no Rexistro da Propiedade na forma e cos efectos previstos na Lei Hipotecaria». Con estas palabras semella que se postula, en relación cos acredores e non con outro tipo de terceiros (pois aos primeiros fai referencia esta decisión xudicial) que a inscrición no Rexistro da Propiedade ou, no seu caso, a falta de acceso a el non pode ser indiferente para delimitar a súa posición xurídica, engadindo un *plus* sobre a simple indicación das capitulacións matrimoniais no Rexistro Civil, á marxe da inscrición do matrimonio. Unha indefinición semellante pode advertirse na sentenza do Tribunal Supremo de 25 de setembro de 1999, que afirma que «o cambio de réxime patrimonial non despraza os dereitos adquiridos con anterioridade por terceiros sobre o patrimonio dos cónxuxes, mentres non se publiquen nos Rexistros correspondentes», tras invocar o art. 1333 CC, pero sen precisar con que efectos se terán que facer constar as capitulacións no da Propiedade, cando se trate de inmobles. Máis claridade e contundencia que a manifestada nas devanditas sentenzas do Tribunal Supremo pode observarse nalgunhas de audiencias provinciais, que inciden no carácter determinante do acceso ao Rexistro da Propiedade das capitulacións que afecten a inmobles para a súa plena opoñibilidade.

Cuestión diferente é, ao fio dalgunhas afirmacións vertidas polo Tribunal nas sentenzas comentadas, que, efectivamente, poidan ser obxecto de críticas o sistema de publicidade das capitulacións matrimoniais e as súas modificacións que o noso Dereito debuxa, sobre todo no tocante ao papel esencial que se lles atribúe ao Rexistro Civil e mais ao tipo de asento elixido polo lexislador para lles dar publicidade aos cambios de réxime económico, o de indicación, talvez non o máis axeitado.

Téñase en conta, por outra parte, que o suposto inverso ao que aquí formulamos, é dicir, que figurase no Rexistro da Propiedade o cambio de réxime económico producido sen indicación ningunha de tal circunstancia no Rexistro Civil, que provocou certa inqueda na doutrina outrora, hoxe non podería ter lugar na práctica tras a nova redacción que ao art. 266.6º RRC se lle dá en virtude do Real Decreto 1917/1986, de 26 de agosto, que impide a toma de razón no Rexistro da Propiedade dunhas capitulacións que non tiveran o correspondente reflexo previo no Civil.

Finalmente, o réxime de publicidade das capitulacións matrimoniais presenta unha especialidade no caso de que un dos cónxuxes sexa empresario ou, na terminoloxía máis tradicional, un comerciante. Nese suposto, segundo se desprende do art. 21 Cco, as capitulacións que non accederan ao Rexistro Mercantil non serán opoñibles a terceiros –neste caso semella claro que dentro da palabra «terceiros» terán que se comprender tanto acredores como adquirentes–. Algúns autores sostiveron que as capitulacións son inopoñibles, malia que foran obxecto de indicación no Rexistro Civil, se non constan no Mercantil e a adquisición ou crédito do terceiro deriva dun acto de comercio realizado por un dos cónxuxes empresario, porque a publicidade do Rexistro Mercantil é especial e o seu sistema se ten que superpoñer ao xeral.

6 Capitulacións que modifican o réxime económico e terceiros acredores

6.1 Acredores con dereitos anteriores á modificación

Malia que moitos autores, ao comentar a reforma levada a cabo no Código Civil español por Lei de 2 de maio de 1975, que introduciu o principio de liberdade na mutabilidade do réxime económico matrimonial (art. 1325 CC), non querían crer que iso fose acontecer así, o certo é que, ás veces, o cambio de réxime económico, constante matrimonio, foi utilizado polos cónxuxes con ánimo defraudatorio de terceiros acredores. O proceso, como pon de manifesto Yáñez Vivero, pode describirse do seguinte modo: cando un dos cónxuxes contrae débedas e o patrimonio ganancial é posto en perigo pola acción dos acredores, ambos os dous outorgan capitulacións matrimoniais, substituindo o réxime comunitario polo de separación de bens, que inscriben no Rexistro Civil, e cometen algunhas irregularidades na liquidación, consistentes na omisión da débeda –ganancial– no inventario, infravaloración dos bens inmoables, que lle adxudican ao cónxuxe que non contraeu a débeda e paralela sobrevaloración dos de escaso valor, que se lle adxudican ao non debedor, de xeito que, formalmente, se respecta o principio de división equitativa. Cando os acredores anteriores á modificación pretenden embargar os bens gananciais, comprobando que a meirande parte do patrimonio ou os bens de maior interese para eles lles foron adxudicados ao non debedor. Iso complica o reflexo rexistral do embargo e suscita a dúbida de se teñen que impugnar as capitulacións matrimoniais outorgadas por fraude de acredores. En todo caso, a reacción diante destas dificultades dos tribunais de xustiza e a doutrina non foi clamar ante o lexislador pedindo

a volta ao sistema de inmutabilidade do réxime económico durante todo o tempo que dure o matrimonio, senón arbitrar recursos xurídicos, partindo da normativa civil existente, que permitan o amparo dos lexítimos dereitos dos acredores.

Así, a protección dos acredores con dereitos anteriores ao cambio de réxime fundaméntase no art. 1317 CC, do que deriva a inopoñibilidade da modificación aos que tivesen dereitos adquiridos. O Tribunal Supremo, agás nalgũa sentenza illada, resolveu reiteradamente que os acredores non teñen que exercer acción rescisoria das capitulacións que liquidan a sociedade de gananciais e pactan o réxime de separación de bens para o futuro, fundada no prexuízo dos seus dereitos. Tampouco é preciso promover xudicialmente a súa nulidade por causa ilícita do negocio capitular, senón que, por aplicación do devandito art. 1317, en relación co 1401 CC, conservarán o seu crédito contra o cónxuxe debedor con responsabilidade ilimitada e, ademais, o outro responderá tamén cos bens que lle foron adxudicados nas operacións particionais, no suposto de que se realizara correctamente o inventario –constando a débeda no pasivo– e *ultra vires* noutro caso. En definitiva, os bens que foron gananciais continúan a responder fronte aos acredores, malia que lle fosen adxudicados ao cónxuxe que non contraeu a débeda, o que permite falar dunha «perpetuación da responsabilidade real da masa ganancial», sendo desestimadas as terceirías de dominio interpostas por aquel cando se embargan bens que lle foron adxudicados tras a liquidación da sociedade. Os problemas rexistrais antes existentes á hora de practicar a anotación preventiva do embargo se os bens xa estaban inscritos exclusivamente ao seu nome removéronse coa nova redacción do art. 144.4. aptdo. 2º RH, que permite realizar o asento cando se demandou o cónxuxe que contraeu a débeda e se lle notificou o embargo ao outro.

6.2 Terceiros que adquiren dereitos con posterioridade á modificación do réxime

Malia que, sen discusión, os problemas expostos son os máis complexos, tampouco está exento de dúbidas determinar en que medida o cambio de réxime económico dun matrimonio lle é opoñible a terceiros tras as capitulacións matrimoniais, que son eficaces *inter partes* desde o mesmo momento do seu outorgamento. Certamente, as regras que disciplinan as relacións patrimoniais dos esposos non só lles interesan a eles, senón tamén aos que con eles se relacionan contractualmente, ao incidir sobre os seus poderes dispositivos, capacidade de xestión e responsabilidade. Resulta indiscutible que tal eficacia fronte a terceiros está ligada á publicidade das capitulacións, pero o art. 1333 CC, relativo a isto, deixa sen resolver certas cuestións, como xa adiantamos. Así, aínda que cómpre que as capitulacións accedan ao Rexistro Civil cando se quere que teñan efectos fronte a terceiros, pois na inscrición de matrimonio estará indicado o seu outorgamento, nos termos do art. 77.1º LRC, devén controvertido determinar o alcance da referencia final do precepto que comentamos, en canto ao acceso das capitulacións ao Rexistro da Propiedade, se afectasen a bens inmobles. Neste sentido, non ten o consenso da doutrina nin quedou

definitivamente resolto nos tribunais determinar cales son os efectos fronte a terceiros dunhas capitulacións que modifican o réxime económico do matrimonio e, afectándolles a inmobles, teñen publicidade no Rexistro Civil pero non tiveron acceso ao da Propiedade, malia que semella que, aplicando as regras xerais de publicidade rexistral inmobiliaria, non lles serían opoñibles. Finalmente, lembremos que se algún dos cónxuxes é comerciante, as capitulacións teñen acceso tamén ao Rexistro Mercantil e non lle serán opoñibles ao acredor do comerciante, se actúa de boa fe, as que non consten alí (art. 21 Cco).

7 Ineficacia das capitulacións: especial referencia á impugnación das que liquidan a sociedade de gananciais

Como calquera outro negocio xurídico, as capitulacións matrimoniais están suxeitas a un réxime de ineficacia xeral, dentro do que podemos aplicar as categorías de nulidade, anulabilidade, caducidade e rescisión. Nesta última destaca especialmente a rescisión por lesión cando contiñan liquidación da sociedade de gananciais, pois xa analizáramos que a rescisión por fraude de acredores fora case absorbida polo principio de inoponibilidade derivado do art. 1317 CC. En todo o caso, non se pode esquecer que o negocio capitular escapa da idea de contrato como intercambio de bens e servizos: é un contrato normativo, que non se acomoda á dicotomía gratuidade e onerosidade e ao que non lle é aplicable a resolución por incumprimento. Isto terá algunhas consecuencias peculiares no réxime xeral de ineficacia e os efectos da invalidez.

7.1 Nulidade, anulabilidade e caducidade

A nulidade absoluta procederá tanto por defectos estruturais do negocio –causa ilícita, defecto formal ao non se outorgar escritura pública...–, canto por vulneración de normas imperativas. Sen dúbida o son moitas do chamado réxime matrimonial primario, recollidas nos arts. 1318 e ss. CC, pero tamén se pode tratar de normas sucesorias ou de calquera outra natureza-. Tamén serán nulas as capitulacións contrarias os bos costumes –así se ven, ás veces, os pactos relativos a aspectos persoais que contradigan os arts. 67 e 68 CC– ou o principio de igualdade dos cónxuxes, que presenta algunhas dúbidas, como quedou dito, sobre a licitude de cláusulas como a que exclúe con carácter definitivo un dos cónxuxes da xestión da sociedade de gananciais, encomendándolla en exclusiva ao outro. Con todo, nestes últimos casos de vulneración dos límites do art. 1328, a nulidade pode ser só parcial se, privado da cláusula que os excede, o negocio capitular continúa a manter coherencia e cumpre a súa finalidade.

Por outra banda, malia que os trastornos psíquicos dun dos outorgantes non anulen o consentimento se non significan falta de discernimento, cando así sexa ou exista calquera outro defecto de capacidade, así como nos supostos de vicios do consentimento, as capitulacións serán anulables. Tanto no caso de nulidade absoluta *ipso iure* como no de que se estime xudicialmente a acción de anulabilidade o efecto

principal da invalidez das capitulacións será a substitución do réxime pactado polo legal, é dicir, a aplicación das normas do CC sobre gananciais, segundo deriva do art. 1316 CC. Os terceiros que actúan de boa fe non os prexudicarán as consecuencias da anulación, de xeito que non se verán modificadas as adquisicións de dereitos reais nin de crédito realizadas con base no réxime matrimonial pactado (art. 1335 CC).

No tocante á caducidade, no caso das capitulacións prenupciais quedarán sen efecto as outorgadas cando o matrimonio non se chegase a contraer no prazo dun ano, segundo deriva do art. 1334 CC, e, se finalmente os noivos casasen, deberían subscribir, de conservar ese interese, novos pactos capitulares. Por outra banda, sempre que se outorgan capitulacións prenupciais estas non producirán efecto ningún ata que o matrimonio se celebre –en xeral este adoita entenderse como *conditio iuris* daquelas, malia que algúns autores prefiren dicir que constitúe a súa base obxectiva e causal–.

7.2 Rescisión por lesión

Unha vez que se presenta unha crise matrimonial, se a parella tivese sometidas as súas relacións económicas ao réxime de gananciais, a sociedade pódese liquidar de diversos modos, entre os que destacan o convenio regulador de separación ou divorcio (art. 90 aptdo E) CC), o procedemento xudicial dos arts. 806 e ss. LEC, e as capitulacións matrimoniais. Tanto cando se fai remisión a estas non propio convenio regulador, se o proceso matrimonial se tramita pola vía do consenso, como no caso de que non sexa así, a liquidación de gananciais verificada en capitulacións pode ser rescindida por lesión dos dereitos dun dos cónxuxes en máis dunha cuarta parte do valor dos bens adxudicados, en aplicación do art. 1290 CC, a que se remite o art. 1074, sobre a partición hereditaria, que rexe na liquidación de gananciais en virtude do disposto polo art. 1410 CC. Así, deixando á marxe a impugnación dunha liquidación feita doutro xeito, no prazo de caducidade de catro anos, contados desde o outorgamento das capitulacións matrimoniais, o cónxuxe que sufrixe a lesión económica aludida poderá exercer acción rescisoria, agás no caso de que á sinatura daquelas ambos os dous renunciaran expresamente a presentar a rescisión por lesión. Ademais, como resalta Rebolledo Varela tras unha exhaustiva análise xurisprudencial, a renuncia pódese deducir de actos ou condutas que de xeito inequívoco leven á afirmación de que esta existiu, como acontece cando os cónxuxes afirman que «non se teñen nada que reclamar», que «a liquidación non supuxo desequilibrio económico para ningún deles» ou que os valores asignados aos bens eran aproximados e os cónxuxes sabedores das consecuencias económicas e xurídicas de ter practicado desta maneira as operacións particionais. Por outra banda, cómpre ter en conta, malia que o devandito autor o matices e non considere apropiado sostelo en termos absolutos para vedar toda a rescisión por lesión nestes casos, que o Tribunal Supremo español é remiso a admitir a impugnación por lesión das liquidacións incorporadas ao convenio regulador de separación ou divorcio, pois outorga a este unha natureza transaccional e considera que o acordo sobre adxudicación de bens, coa pertinente valoración destes, que pode non

atender a valores de mercado, está interrelacionado con outros pactos en materias como a pensión compensatoria, as alimenticias dos fillos ou certas indemnizacións, formando con eles un todo inseparable. En definitiva, pois, esta posición xurisprudencial, non carente de contradición nalgunha outra sentenza do Supremo, presume que un dos cónxuxes puido aceptar que na liquidación de gananciais non fose, en termos económicos, atendida a valoración real dos bens, igualitaria, e admitise a incorporación de valores ficticios destes, a cambio doutras vantaxes nalgunha das disposicións que disciplinan as relacións económicas dos ex-cónxuxes tras a ruptura, polo que non se pode fraccionar o conxunto dos pactos e permitir a rescisión por lesión das capitulacións incorporadas ao convenio regulador.

CONCEPTOS XURÍDICOS BÁSICOS

Nulidade
Inoponibilidade
Rescisión
Publicidade rexistral
Solemidades
Modificación do réxime económico
Contido típico
Contido atípico
Pactos previos
Caducidade
Autorregulación

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Actividade práctica 1ª

Caso práctico

Antes de presentar a súa demanda de divorcio nun procedemento por consenso, fundamentalmente atendendo o ben dos seus dous fillos, Marta e Álvaro outorgan ante notario escritura de capitulacións na que liquidan a súa sociedade de gananciais e realizan as correspondentes adxudicacións de bens aos respectivos haberes. Algúns anos despois, Marta aprecia que aquelas operacións a prexudicaron de maneira notoria e vai na procura de asesoramento xurídico, asegurando que foi enganada por Álvaro, que se valeu da súa boa fe e aproveitou a forte depresión que ela estaba a atravesar como consecuencia da súa ruptura, o que provocou que fosen infravalorados maliciosamente os bens adxudicados no lote do seu ex-marido e quedasen fóra do inventario outros que dicía eran privativos e ela consideraba gananciais.

Cuestións

1 Pode exercitar Marta algunha acción xudicial para deixar ineficaz a escritura de capitulacións? Formula as distintas posibilidades que o noso Dereito ofrece.

2 Que prazo habería para presentar a demanda?

3 Corrixe a intervención notarial os posibles vicios do consentimento prestado por Marta na escritura?

4 Que farías se o único problema da liquidación fose a omisión dun ben no activo da sociedade de gananciais?

5 É posible aplicarlle á ineficacia dunhas capitulacións matrimoniais a figura da nulidade parcial?

6 Argumenta xuridicamente a defensa procesual de Álvaro se finalmente fose demandado por Marta instando a ineficacia da escritura de liquidación de gananciais.

Actividade práctica 2ª

Caso práctico

Jaime e Rita, ambos os dous nados en Trujillo (Cáceres) e residentes nesta localidade ata o momento do seu matrimonio, casan civilmente en 1990 en Barcelona, de onde era orixinaria a nai da noiva, sen outorgar capitulacións prenupciais, e comezan a vivir en Madrid, onde ambos os dous acababan de atopar novos traballos. Rita desenvolve unha intensa actividade empresarial nunha academia de idiomas onde ten contratadas catro persoas. Nun determinado momento o seu negocio comeza a dar problemas económicos, o que lle impide afrontar o pagamento dos salarios dos seus empregados, así como cumprir as súas obrigas fiscais. Os dous deciden, con asesoramento xurídico, cambiar de réxime económico e poñer a nome de Jaime os bens inmobles propiedade de ambos.

Cuestións

1 Determina cal era o réxime económico polo que inicialmente se rexía o matrimonio, tendo en conta a lei aplicable.

2 Explica cal será, atendendo ás circunstancias do caso, o contido básico das capitulacións matrimoniais outorgadas por Jaime e Rita.

3 Lograron os cónxuxes deixar fóra do alcance dos acredores de Rita os bens gananciais adxudicados a Jaime? Por que?

4 Existiría algunha diferenza se os créditos salariais e fiscais nacesen con posterioridade ao outorgamento das capitulacións matrimoniais?

5 Recomendaríaslles a Jaime e Rita que fixesen constar o contido das súas capitulacións nalgún rexistro? Por que?

6 Se foses o avogado dos traballadores da empresa de Rita, exercitarías a acción rescisoria en defensa dos seus intereses?

Actividade práctica 3ª

Comentario de sentenza

Comentario á STS de 15 de xaneiro de 2004, RJ 2004/202. Outorgamento de capitulacións con vicio do consentimento dun dos cónxuxes: intimidación. Prazo de exercicio da acción e cómputo deste.

Actividade práctica 4ª

Consulta xurídica por escrito

Argumenta xuridicamente, co oportuno apoio legal, doutrinal e xurisprudencial –ou, no seu caso, sentenzas de audiencias provinciais–, a validez das seguintes cláusulas que pretende incluír o teu cliente nunha escritura de capitulacións matrimoniais prenupciais, segundo as súas propias palabras « polo desexo de evitar problemas en caso de ruptura » e « para aproveitar a visita ao notario para solucionar algúns temas pendentes »:

1 Atribución de carácter ganancial aos bens que adquiren calquera dos cónxuxes a través de doazóns ordenadas en favor de cada un deles por terceiros con carácter persoal e perfeccionadas durante o matrimonio.

2 Pacto de que os cónxuxes non terán a obriga de se gardar fidelidade, reservando para cada un unha plena esfera de autonomía nas súas relacións persoais con terceiros.

3 Renuncia á pensión compensatoria no caso de separación ou divorcio, malia que se cumprisen os requisitos que o Código Civil establece para a súa xeración.

4 Establecemento dunha indemnización por ano de matrimonio no caso de que a ruptura non sexa de común acordo senón a instancia dun dos cónxuxes. O que desexase continuar coa convivencia matrimonial terá dereito igualmente á parte rateada que lle corresponda polos períodos de tempo de duración do matrimonio inferiores a un ano.

5 Doazón a un sobriño dunha pequena parcela que linda co terreo da súa propiedade cuxa extensión necesita sumar a esta para que o concello lle dea a licenza para edificar.

6 Atribución ao voso cliente das facultades exclusivas de administración e disposición de todo o patrimonio ganancial.

7 Recoñecemento dun fillo froito da súa anterior relación con outra muller.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Un alumno debe ser quen de responder por escrito, con apoio nos textos legais de aplicación ao caso –Código Civil e Lei de Dereito Civil de Galicia– preguntas sinxelas sobre o réxime xurídico das capitulacións matrimoniais, os conflitos máis frecuentes que orixinan e a interpretación que

fai deles a xurisprudencia. O exame ten un valor de 6 puntos na nota final, aos que se lles poderán sumar 3 puntos máis se fixo, correctamente orientadas, as prácticas propostas, malia que fose sen acerto total nas solucións dadas, e 1 punto pola asistencia ás aulas e a súa participación activa nelas. No exame valoráranse, ademais dos contidos, a capacidade de expresión e o manexo da terminoloxía xurídica.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- AMORÓS GUARDIOLA, Manuel (1984): «Comentario a los arts. 1325 a 1335», *Comentarios a las reformas del Derecho de familia*, vol. 2º, Madrid: Tecnos, 1520 e ss.
- BAYOD LÓPEZ, M. Carmen (2007): «Efectos de la invalidez de las capitulaciones matrimoniales en el marco de la teoría general del contrato: ajustes y desajustes», *ADC*, n.º 3 (2007), 1109-1162.
- BLASCO GASCÓ, Francisco de P. (1990): *La mejora irrevocable. Análisis de la mejora ordenada por capitulaciones matrimoniales o por un contrato oneroso con un tercero*, Valencia: Tirant lo blanch.
- (1993): «Modificación del régimen económico matrimonial y perjuicio de terceros: la norma del artículo 1317 CC», *ADC*, abril-xuño (1993), 599-641.
- CARCABA FERNÁNDEZ, María (1992): *Las capitulaciones matrimoniales*, Oviedo: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Oviedo.
- COSTAL RODAL, Lucía (2009): «Comentario a los arts. 1325 a 1335», BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, Rodrigo (coord.): *Comentarios al Código Civil*, Pamplona: Aranzadi, 3ª ed., 1573-1581.
- CUTILLAS TORNS, José María (2003): *Las capitulaciones matrimoniales. Estudios de su ineficacia y de sus acciones impugnatorias*, Valencia: Revista General del Derecho.
- EGEA FERNÁNDEZ, Joan (2003): «Pensión compensatoria y pactos en previsión de una ruptura matrimonial», *Estudios jurídicos en homenaje al profesor Luis Díez-Picazo*, t. III, Madrid: Thomson-Civitas, 4451-4574.
- GUILARTE GUTIÉRREZ, Vicente (1991): *Gestión y responsabilidad de los bienes gananciales*, Valladolid: Lex Nova.
- PASTOR VITA, Francisco Javier (2003): «La renuncia anticipada a la pensión compensatoria en capitulaciones matrimoniales», *RDF*, n.º 19 (2003), 25-55.
- REBOLLEDO VARELA, Ángel Luis (2008): «Pactos en previsión de una ruptura matrimonial. Reflexiones a la luz del Código Civil, del Código de Familia y del Anteproyecto de Ley del Libro II del Código Civil de Cataluña», GÓMEZ GÁLLIGO, Javier (coord.): *Homenaje al profesor Manuel Cuadrado Iglesias*, vol. I, Pamplona: Aranzadi, 735-755.
- (2009): «Crisis matrimoniales y sociedad de gananciales: impugnación de la liquidación incorporada al convenio regulador», *Aranzadi Civil*, n.º 6 (2009), 647.
- ROMÁN GARCÍA, Antonio M. (2004): *El matrimonio y su economía. Régimen económico matrimonial legal y regímenes convencionales*, Colegio de Registradores de la Propiedad y Mercantiles de España.

- SEOANE SPIEGELBERG, José L. (2010): «Nulidad y rescisión del convenio regulador y de la liquidación de la sociedad legal de gananciales», *El Derecho de familia ante la crisis económica. La liquidación de la sociedad legal de gananciales*, Madrid: Dykinson, 107-219.
- YÁÑEZ VIVERO, Fátima (2003): *Las capitulaciones matrimoniales en perjuicio de acreedores y la anotación de embargo sobre bienes ex gananciales*, Madrid: Servicio de Estudios del Colegio de Registradores.

ANEXOS LEXISLATIVOS

ANEXO 1º

Capítulo II do título III do libro IV do Código Civil: “Das capitulacións matrimoniais”

Artigo 1325

En capitulacións matrimoniais poderán os outorgantes estipular, modificar ou substituír o réxime económico do seu matrimonio ou calquera outras disposicións por razón deste.

Artigo 1326

As capitulacións matrimoniais poderán outorgarse antes ou despois de celebrado o matrimonio.

Artigo 1327

Para a súa validez, as capitulacións terán que constar en escritura pública.

Artigo 1328

Será nula calquera estipulación contraria ás leis ou aos bos costumes ou limitativa da igualdade de dereitos que lle corresponda a cada cónxuxe.

Artigo 1329

O menor non emancipado que consonte coa lei poida casar poderá outorgar capitulacións, pero precisará o concurso e consentimento dos seus

pais ou titores, agás cando se limite a pactar o réxime de separación ou o de participación.

Artigo 1330

O incapacitado xudicialmente só poderá outorgar capitulacións matrimoniais coa asistencia dos seus pais, titores ou curador.

Artigo 1331

Para que sexa válida a modificación das capitulacións matrimoniais deberá realizarse coa asistencia e concurso das persoas que nelas interviñeron como outorgantes, se viviren e a modificación afectase dereitos concedidos por tales persoas.

Artigo 1332

A existencia de pactos que modifiquen anteriores capitulacións indicárase mediante nota na escritura que conteña a anterior estipulación e o notario farao constar nas copias que expida.

Artigo 1333

En toda a inscrición de matrimonio no Rexistro Civil farase mención, no seu caso, das capitulacións matrimoniais que se outorgaran, así como dos pactos, resolucións xudiciais e demais feitos que modifiquen o réxime económico do matrimonio. Se aquelas ou estes lles afectaren a inmobles, tomarase razón no Rexistro da Propiedade, na forma e aos efectos previstos na Lei Hipotecaria.

Artigo 1334

Todo o que se estipule en capitulacións baixo o suposto de futuro matrimonio quedará sen efecto no caso de non se contraer no prazo dun ano.

Artigo 1335

A invalidez das capitulacións matrimoniais rexerese polas regras xerais dos contratos. As consecuencias da anulación non prexudicarán terceiros que actuasen de boa fe.

ANEXO 2º

Capítulos I e II do título IX da Lei de Dereito Civil de Galicia. “Disposicións xerais” e “Das capitulacións matrimoniais”

Capítulo I. “Disposicións xerais”

Artigo 171

O réxime económico matrimonial será o convido polos cónxuxes en capitulacións matrimoniais. En defecto de convenio ou ineficacia deste, o réxime será a sociedade de gananciais.

Artigo 172

Os cónxuxes poderán pactar en capitulacións matrimoniais a liquidación total ou parcial da sociedade de gananciais e mais as bases para realizala, con plena eficacia ao se resolver a sociedade conxugal.

Capítulo II. “Das capitulacións matrimoniais”

Artigo 173

As capitulacións poderanse outorgar antes ou durante o matrimonio e deberanse formalizar necesariamente en escritura pública.

Artigo 174

As capitulacións poderán conter calquera estipulación relativa ao réxime económico familiar e sucesorio, sen máis limitacións que as contidas na lei.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo de profesores e alumnos de todas as materias e titulacións da universidade



Servizo de Normalización
Lingüística

